



asociación pola defensa da ría

APRENDAMOS DOS LUMES FORESTAIS DE PORTUGAL

Coa tranquilidade que da o paso do tempo, que permite analizar e tirar conclusións cunha certa distancia dos desastrosos lumes forestais sufridos nos montes da nosa veciña Portugal, **desde a APDR queremos reflexionar sobre a situación dos nosos montes e o modelo de política forestal adoptado pola administración galega para a súa xestión.**

Porque, con independencia das causas últimas que os teñan provocado e a gravidade dos danos causados, os lumes de Pedrógão Grande poden repetirse na Galiza de darse certas condicións ambientais adversas. Porque a situación actual do noso monte -e particularmente nas provincias do sur- é moi semellante á de Portugal. **Aquí, como alí, a política de prevención de incendios é, na práctica, inexistente; como alí, a acumulación de material combustíbel no monte é enorme e o abandono do monte particular unha tendencia en ascenso. E, tamén como alí, a política forestal e o modelo de xestión do monte son desaxeitadas.** Porque unha política forestal feita á medida dos intereses da industria da pasta de papel, baseada no monocultivo do eucalipto e que hai tempo que se ten demostrado errada, vainos seguir condenando a vivir ano tras ano coa ameaza dos lumes forestais, coa perda dos nosos montes e o seu valor ambiental e, de darse as condicións de elevada temperatura, vento e sequidade, coa perda das propiedades e as vidas das xentes do rural. Porque unha política desaxeitada, como aconteceu agora en Portugal e non hai moito en Cotobade, mata! E porque, de non mudar esta política, só a choiva pode salvarnos...! **Abonda con escoitar voces autorizadas como a do catedrático de ecoloxía da Universidade de Vigo, Adolfo Cordero, ou a da Dra. María da Conceição Almeida Colaço para acreditar nesta realidade.**

Na APDR apostamos por unha política de diversificación dos aproveitamentos do monte, por un modelo que non se limite ao uso forestal e que, mesmo no forestal, sexa diverso no que ás especies arbóreas se refire; por unha política que impida a eucaliptización da Galiza, porque, da man de ENCE, o eucalipto está a invadir non só os nosos montes, senón tamén os prados e as terras de labor; por unha política que conte coa participación activa das Comunidades de Montes, que prime o poboamento do rural facéndoo atractivo para a volta da xente moza, e que pense no interese xeral fronte aos intereses dos monopolios madeireiros.

E apostamos por un desenvolvemento económico do sector baseado na explotación racional das súas potencialidades madeireiras, froiteiras, paisaxísticas e ambientais; polo desenvolvemento de actividades que, como a explotación dos cogomelos ou das plantas aromáticas, teñen un futuro esperanzador na Galiza se muda a política forestal.

Por iso **esiximos un cambio de rumbo na política forestal da Xunta;** por iso **esiximos a paralización da eucaliptización da Galiza e a declaración do Eucaliptus globulus e o Eucaliptus nitens como especies invasoras no noso país.** Por iso **esiximos tamén o fin da actividade de ENCE,** porque non só impide a explotación racional da nosa Ría e da economía da nosa comarca, senón que é tamén o freo á explotación racional das potencialidades do monte galego, porque está detrás da situación actual dos nosos montes, da inaceptábel eucaliptización dos montes galegos e do lume forestal na Galiza. **E por iso facemos un chamamento ás persoas e aos colectivos sociais da comarca a non axeonllarse aos intereses de ENCE,** a non aceptar esmolos desta empresa; porque do contrario, de aceptar esta política empresarial que non ten máis obxectivo que o lavado da peor das súas caras, estanse a converter, ao tempo, en cómplices silenciosos da política da empresa e das nefastas consecuencias que vimos de expoñer.